
GATO GUILLE E OS MONSTROS

Texto e ilustracións de **ROCÍO MARTÍNEZ**

Encadernado en cartóné. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €

Gato Gulle e os monstros (galego)
ISBN 978-84-8464-555-9. Demademora.

Gato Gulle y los monstruos (castelán)
ISBN 978-84-8464-002-8. Libros para soñar.

El gat Guiln l els monstres (catalán)
ISBN 978-84-8464-535-1. Kalandraka.

O Gato Gui e os monstros (portugués)
ISBN 978-972-8781-37-8. Livros para sonhar.

Gato Gulle estaba xogando na súa habitación.

De súpeto escoitou un ruído estrano: Fiiuuuuu fiiuuuuu...


Asustouse moito e saiu correndo.

Este álbum aborda un tema interesante e habitual nos nenos: o medo. Gato Gulle é incapaz de quedar só xogando porque atérranlle os ruidos estranos: o aire que entra pola fiestra, a lavadora, o ascensor, a cisterna que pinga... Calquera son alleo convértese, na súa imaxinación, nun monstro que pode atacalo. A súa reacción consiste en fuxir na procura da protección da nai. Mamá Gata é a súa única fonte de seguridade e, avanzando a historia, o lector comprobará que tamén é a única capaz de disiparlle os temores. Porque acaba sendo a nai quen se alarme cos ruidos que previamente atemorizaran a Gulle. Daquela o gatiño axudarlle a perder o medo tomándoa da man e dándolle unha explicación razoable a cada suceso.

Mamá Gata é o alter ego da autora que, deste xeito, diríxese aos lectores para transmitirles que o medo só está na mente de cada un e que cómpre afrontarlo con decisión para vencelo.

Rocío Martínez ilustra coa técnica do pastel para recrear personaxes e espazos cheos de dozura. Tamén xoga coa perspectiva para dar a sensación de que as estancias da casa son sitios inmensos, tal e como os máis pequenos perciben a realidade máis inmediata. Con esa impresión de amplitude medran a intriga, o medo e soidade que invaden a Gulle. Pero os ambientes non chegan a ser ameazantes nin tétricos; hai elementos -xoguetes, roupa, libros- que lle lembran ao lector que está nun lugar seguro: o fogar.

Non falta a particular homenaxe da autora a Maurice Sendak, autor de "Onde viven os monstros". Esta obra -editada por KALANDRAKA- aparece representada nunha das escenas do libro. Os diferentes tamaños da tipografía e a disposición dinámica das palabras en cada páxina logran efectos visuais que enriquecen a narración e a mensaxe do conto: recursos como as onomatopeas ou o maior tamaño das frases nos momentos nos que se marcan picos de tensión, contribúen a procurar da historia todo o seu potencial.



-
- **Temática:** a superación dos medos, o fogar.
 - **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
 - **Aspectos destacables:** da autora e ilustradora de "A historia do Rainbow Warrior", e ilustradora de "O monstro de Ricardo"; homenaxe ao clásico "Onde viven os monstros" de Sendak; recoñecer e superar situacións de temor, as relacións familiares.
-

Rocío Martínez

(Madrid, 1966)

Licenciada en Belas Artes pola Academia de San Fernando de Madrid, na especialidade de gravado. Dende 1990 adícase profesionalmente á ilustración de libros infantís e xuvenís. Pertence á Asociación de Amigos do Libro Infantil e Xuvenil. Recibiu diversas distincións, como o Premio Nacional ao Libro Mellor Editado por *Tan Tan Mamut*, do que foi ilustradora. Tamén foi seleccionada para a Bial de Ilustración de Bratislava en 1996 e para a Feira do Libro Infantil de Boloña en 1997. En 1999 obtivo un accésit do Premio Lazarillo.

www.kalandraka.com
comunicacion@kalandraka.com

